



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Contidos complementarios para o ensino das literaturas galega e castelá	Código	652608812	
Titulación	6 Mestrado Universitario de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoxía Española e Latina Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Yagüe Lopez, Pilar	Correo electrónico	pilar.yague.lopez@udc.es	
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Yagüe Lopez, Pilar	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es pilar.yague.lopez@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A2	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinados.
A3	Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A7	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A11	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A13	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer o valor formativo e cultural das literaturas galega e castelá			AP1
Coñecer os contidos que se cursan en ensino secundario e bacharelato nas materias de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá.			AP2
Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.			AP3
Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.			AP7
Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito das literaturas galega e castelá.			AP11
Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das literaturas galega e castelá e expor alternativas e solucións.			AP13
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			CM1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			CM3
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			CM6

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Coñecemento dos contidos relevantes das literaturas galega e española	<p>1.1. Conceptos básicos do ensino da literatura galega e española:</p> <p>1.1.1. Cuestións contextuais: a periodización e os xéneros literarios</p> <p>1.1.2. O canon</p> <p>1.1.3. A necesidade de revisión da historiografía literaria</p>
2. Tendencias actuais nas literaturas galega e española	<p>2.1. Enfoques metodolóxicos para o ensino da literatura: da visión historiográfica tradicional aos novos enfoques</p> <p>2.2. Consideración crítica de obras e autores.</p>
3. Adaptación das literaturas galega e española ao marco curricular	<p>3.1. Orientación docente e plantexamentos formativos:</p> <p>3.1.1. A lectura comprensiva e crítica</p> <p>3.2.2. O comentario de textos</p> <p>3.2.3. Selección de lecturas representativas</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	0	30	30
Obradoiro	12	0	12
Proba mixta	2	15	17
Análise de fontes documentais	0	20	20
Presentación oral	2	5	7
Sesión maxistral	12	0	12
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Formando parte do seu traballo autónomo, os estudantes deberán ler os textos proporcionados ao comezo do curso. Estas lecturas serán obxecto de análise tanto nas sesións de obradoiro coma na proba mixta.
Obradoiro	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistras coas sesións interactivas, nas que a participación dos estudantes será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, mesas redondas, aprendizaxe colaborativa... Todas elas terán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente polas profesoras.
Proba mixta	Na última sesión do curso os estudantes deberán realizar unha proba mixta que versará sobre as lecturas realizadas previamente.
Análise de fontes documentais	Cada estudante deberá seleccionar un dos textos proporcionados ao comezo do curso para elaborar sobre el unha análise dirixida a través da titorización individualizada.
Presentación oral	A actividade de análise de fontes documentais, realizada polos estudantes fóra da aula, deberá ser exposta ante os demais compañeiros na última sesión do curso.
Sesión maxistral	A modo de introdución ou visións de conxunto, desenvolveranse as directrices xerais dos contidos que conforman a materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais	Cada estudante deberá indicar á profesora o texto seleccionado para que lle sexan establecidas as pautas metodolóxicas específicas para abordar a análise.
-------------------------------	--

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Obradoiro	Nestas sesións o estudante deberá amosar coa súa participación activa que traballou os materiais previamente proporcionados pola profesora.	20
Proba mixta	Aplicaranse os seguintes criterios de avaliación: - adecuación da resposta á pregunta formulada - correcta estruturación do discurso - corrección ortográfica, sintáctica e gramatical Para superar a materia a calificación mínima desta proba deberá ser de 4 puntos sobre 10.	50
Análise de fontes documentais	Na súa avaliación teranse en conta os seguintes criterios: - capacidade de síntese - orixinalidade e profundidade da reflexión crítica - correcta estruturación do discurso - corrección ortográfica, sintáctica e gramatical	20
Presentación oral	Na presentación oral teranse en conta os seguintes aspectos: - claridade e fluidez expositiva - emprego de recursos de apoio - linguaxe non verbal	10

Observacións avaliación
<p>1. Aínda que non se reserve unha porcentaxe determinada para as lecturas, a súa realización é imprescindible para superar a materia, xa que sobre elas xiran os contidos teóricos, as sesións interactivas e as demais actividades que computan na avaliación.</p> <p>2. Para superar a materia é imprescindible o uso correcto da lingua, tanto oral coma escrita: ortografía, puntuación, corrección sintáctica e gramatical.</p> <p>3. Os/as alumnos/as que teñan matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberán realizar os mesmos traballos e probas que os estudantes con matrícula ordinaria. A presentación oral do traballo realizarase nunha sesión de tutoría persoal. A data e hora de realización destas sesións poderán ser concertadas a través do correo electrónico.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Aller García, C. (1998). Animación a la lectura II: juegos y actividades para después de leer. Sevilla. Quercus - Rodríguez Fer, C. (1991). Arte literaria. Vigo. Xerais - Pozuelo Yvancos, J.M. (2007). Desafíos de la Teoría. Literatura y géneros. Mérida. Venezuela. El otro@el mismo - García Rivera, G. (1995). Didáctica de la literatura en la Enseñanza Primaria y Secundaria. Madrid. Akal - Bordons, G e A. Díaz-Plaja (2006). Enseñar literatura en secundaria. Barcelona. Graó - VV. AA. (2000). Galicia. Literatura, vols. 31-34.. A Coruña, Hércules de Edicións - VV.AA. (1996-1998). Historia da Literatura Galega, 5 vol.. Vigo. A Nosa Terra - Viñas Piquer, D. (2002). Historia de la crítica literaria. Barcelona. Ariel - Sánchez Miguel, E. (2010). La lectura en el aula: qué se hace, qué se debe hacer y qué se puede hacer. Barcelona. Graó - Navarro Durán, R. (1995). La Mirada al texto : comentario de textos literarios. - Fernández Paz, A. (2004). Lingua e literatura: educación secundaria obrigatoria. Vigo. Xerais - Rodríguez, F. (1990). Literatura galega. Problemas de método e interpretación. Vilaboa-Pontevedra. O Cumio - VV. AA., (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo, A Nosa Terra - Martín Vegas, R.A. (2009). Manual de didáctica de la lengua y la literatura. Madrid. Síntesis - Aguiar e Silva, V.M. de (1993). Teoría da Literatura. Coimbra. Livraria Almedina - Reyes, G. (Ed.) (1989). Teorías literarias en la actualidad. Madrid. ediciones el arquero
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Bases epistemolóxicas para o ensino das linguas e literaturas galega e castelá/652608821

Metodoloxía do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria/652608822

Fundamentos metodolóxicos e profesionais do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria/652608823

Proxectos de innovación e investigación educativa en lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá/652608E31

Contidos complementarios para o ensino das linguas galega e castelá/652608811

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías